



axencia de doazón de órganos e sangue

APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE
TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: TCO. ESP. LABORATORIO

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que lle indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. Respecto do dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 43 da Constitución española de 1978, sinala a opción correcta:
- A) Do seu recoñecemento, respecto e protección informa só e unicamente a lexislación positiva.
 - B) Pode ser alegado ante a xurisdición ordinaria, independentemente do que dispoñan as leis que o desenvolvan.
 - C) Calquera cidadán pode solicitar a súa tutela a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
 - D) Pode ser alegado ante a xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que o desenvolvan.
2. Segundo o artigo 5.2 do Decreto 100/2005, do 21 de abril, polo que se regulan a hemodoazón e a hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia, os servizos de transfusión terán que adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación dos rexistros cando menos durante:
- A) 25 anos.
 - B) 15 anos.
 - C) 30 anos.
 - D) 10 anos.
3. Sobre cal destes dereitos pode calquera cidadán solicitar a tutela ante os tribunais ordinarios polo procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade previsto no artigo 53.2 da Constitución española de 1978?
- A) O dereito para contraer matrimonio con plena igualdade xurídica.
 - B) O dereito para gozar dunha vivenda digna e adecuada.
 - C) O dereito para elixir libremente a súa residencia.
 - D) O dereito á protección da saúde.
4. Respecto dos procedementos de prognóstico, diagnóstico e terapéuticos que se lle apliquen a un paciente e que poden ser utilizados nun proxecto docente ou de investigación, regulados nos artigos 10.4 e 15 da Lei xeral de sanidade, sinala a opción incorrecta:
- A) En ningún caso poderán comportar perigo adicional para a saúde do paciente.
 - B) O proxecto docente ou de investigación debe estar autorizado pola Administración da comunidade autónoma.
 - C) Respectando o peculiar réxime económico de cada servizo sanitario, os dereitos do paciente serán exercidos tamén con respecto aos servizos sanitarios privados.
 - D) É imprescindible a previa autorización e por escrito do paciente.
5. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia son competencia de:
- A) O Servizo Galego de Saúde.
 - B) O Parlamento de Galicia.
 - C) A Consellería de Sanidade
 - D) O Consello da Xunta de Galicia.

6. Segundo o artigo 5.2 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a declaración de instrucións previas pode formalizarse:

- A) Ante notario e sen que sexa necesaria a presenza de testemuñas.
- B) Ante un funcionario público e dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar.
- C) Ante dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar.
- D) Ante un xuíz e sen que sexa necesaria a presenza de testemuñas.

7. O período de proba previsto no artigo 19 do Convenio colectivo da Fundación Centro de Transfusión de Galicia para as categorías incluídas no grupo B de persoal é de:

- A) 2 meses.
- B) 3 meses.
- C) 1 mes.
- D) 4 meses.

8. Segundo a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, non produce a perda da condición de persoal estatutario:

- A) A pena de inhabilitación absoluta cando adquirise firmeza.
- B) A pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público se afecta ao correspondente nomeamento cando adquirise firmeza.
- C) A sanción disciplinaria de separación do servizo cando adquira carácter firme.
- D) A pena de inhabilitación especial para a correspondente profesión cando sexa firme e sempre que non exceda de 5 anos.

9. Os concellos, segundo o artigo 42.3 da Lei xeral de sanidade, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán en relación co obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios a responsabilidade:

- A) Do control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria.
- B) Dos servizos de vixilancia e análises epidemiolóxicas e das zoonoses.
- C) Das decisións e actuacións públicas previstas na Lei xeral de sanidade non atribuídas a ningunha outra Administración.
- D) Do rexistro xeral sanitario de alimentos e das industrias, establecementos ou instalacións que os producen, elaboran ou importan.

10. Respecto do plan de prevención de riscos laborais regulado no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sinale a opción incorrecta:

- A) Un dos instrumentos esenciais para a súa xestión e aplicación é a avaliación de riscos laborais.
- B) A través da súa implantación e aplicación, a prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa.
- C) Entre outros contidos, deberá incluír a estrutura organizativa da empresa.
- D) Todas as pequenas e medianas empresas poden realizalo de forma simplificada.

11. Segundo o artigo 40 do Estatuto de autonomía para Galicia de 1981, por lei de Galicia:
- A) Poderase recoñecer a personalidade xurídica das dioceses e das súas parroquias.
 - B) Poderase recoñecer a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia, supoñendo necesariamente a supresión dos municipios que a integren.
 - C) Poderanse crear agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con fins específicos.
 - D) Poderase recoñecer a comarca como entidade local sen personalidade xurídica e sen demarcación propia, non supoñendo necesariamente a supresión dos municipios que a integren.
12. O persoal vinculado ao Convenio colectivo da Fundación Centro de Transfusión de Galicia, segundo o seu artigo 26.c), se ten servizos prestados iguais ou superiores ao ano natural, poderá gozar dun permiso para asuntos persoais sen xustificación de:
- A) 7 días ao ano.
 - B) 6 días ao ano.
 - C) 9 días ao ano.
 - D) 8 días ao ano.